

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A FUNDACIÓN SIGNO RECOÑECE, NO CONGRESO DOS DEPUTADOS, O PROXECTO DE E-CARDIOLOXÍA DE SANTIAGO

- O xefe do Servizo de CardioloXía, José Ramón González Juanatey, expuxo na sala Ernest Lluch o proxecto *e-cardio: impacto económico da introdución da consulta electrónica na vía de derivación de doentes desde atención primaria a un servizo de CardioloXía dun hospital terciario en Galicia*, pola que foi recoñecido cun accésit
- A e-consulta reduce as hospitalizacións, a demanda de atención urxente e a mortalidade dos doentes

**Santiago, 8 de outubro de 2021.-** A e-consulta en cardioloXía “reduce a espera para consulta co cardiólogo a menos de 3 días, mellora a accesibilidade (o que beneficia especialmente aos pacientes de idade máis avanzada e aos que viven nas zonas máis afastadas do Hospital) minimiza a necesidade de atención nos servizos de urxencias, as hospitalizacións e a mortalidade”, así resumiu o xefe do Servizo de CardioloXía da Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza, José Ramón González-Juanatey os excelentes resultados da e-cardioloXía nun acto onte no Congreso dos Deputados. Juanatey concluíu que é determinante na “rápida identificación da gravidade do paciente e polo tanto mesmo reduce os custos sanitarios”.

O traballo que veñen desenvolvendo os profesionais da área sanitaria da área sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza coa implantación da e-consulta foi recoñecido onte cun accésit pola prestixiosa Fundación Signo no marco dos Premios Profesor Barea, entregados no Congreso dos Deputados.

Así, o xefe do Servizo de CardioloXía, José Ramón González-Juanatey expuxo os resultados do proxecto seleccionado *E-Cardio: impacto económico da introdución da consulta electrónica na vía de derivación de doentes desde atención primaria a un servizo de CardioloXía dun hospital terciario en Galicia*.

A Fundación Signo ( <https://www.fundacionsigno.com/premios.php>) tal e como subliña na súa web, é unha entidade privada sen ánimo de lucro creada en 1999 coa finalidade de fomentar proxectos de xestión sanitaria e promover desde unha óptica multidisciplinaria a cultura da innovación e a eficiencia nos servizos sanitarios. Entre as súas actividades figuran os premios Profesor Barea, creados no ano 2000, e “desde o seu inicio gozan dun gran prestixio profesional dada a calidade dos traballos presentados así como polo el proceso de avaliación e a composición do seu xurado”. Os premios están destinados a proxectos inéditos ou experiencias novidosas que supoñan unha mellora substancial na xestión e na avaliación en saúde.

**Saúdos,**